



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A Serra do Barbanza constitúese como unha área practicamente deshabitada na actualidade, pero que goza, non obstante, dunha enorme riqueza paisaxística, medioambiental e arqueolóxica, especialmente debido á gran presenza de túmulos funerarios de cronoloxía prehistórica.

Esta intensidade do fenómeno tumular barbandés despertou o interese da arqueoloxía dende practicamente os inicios desta disciplina, sendo a Serra do Barbanza o escenario dunha serie de estudos que tiveron un enorme calado na Arqueoloxía galega. Porén, de modo máis ou menos involuntario, este tipo de interpretacións axudou a fomentar unha imaxe das serras e zonas altas da nosa comunidade como lugares nos que a presenza humana ao longo da historia sería escasa ou moi dispersa; proxectando ao pasado o papel de áreas periféricas ou marxinais que estas desempeñan nos modelos contemporáneos da ocupación do territorio.

As investigacións realizadas na Serra do Barbanza ao longo do último lustro axudaron a mudar substancialmente esta imaxe, amosando con claridade como este lugar foi o escenario dunha ocupación humana moito máis intensa do que tradicionalmente se considerara. Así o suxire a identificación de máis de medio centenar de estruturas previamente descoñecidas cuxa orixe semella estar fundamentalmente relacionada coa explotación gandeira dos pequenos vales uviais do alto da Serra. As escavacións arqueolóxicas realizadas dende 2014 permitiron identificar como algunhas destas construcións foron ocupadas durante un período de tempo que se estendería, cando menos, dende a Idade do Bronce até a Idade Media.

Neste encontro presentaranse os principais resultados das investigacións levadas a cabo na Serra do Barbanza ao longo dos últimos anos, ao tempo que se rexionará sobre a importancia que estes teñen tanto para a Arqueoloxía galega como para o coñecemento sobre as orixes da explotación gandeira das zonas altas do noso país e para o futuro dunhas áreas que na actualidade tenden a atoparse económica e demograficamente deprimidas.

PROGRAMA

17:30 horas
Presentación

17:45 horas
Habitando a terra dos mortos. Investigacións arqueolóxicas na Serra do Barbanza (A Coruña): 2014 a 2018

Carlos Rodríguez Rellán, Grupo de Estudos para a Prehistoria do NW Ibérico - Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio, Universidade de Santiago de Compostela

19:00 horas

Debate co público asistente

Introducen e moderan: **José Carlos Sánchez Pardo** (GI Síncrisis, USC) e **Rebeca Blanco-Rotea** (GI Síncrisis, USC; Consello da Cultura Galega)

ORGANIZA

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

Consello da Cultura Galega

COORDINA

Rebeca Blanco-Rotea

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao encontro.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

